

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión ordinaria do 05.01.2023

ÍNDICE DE PUNTOS

A) APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.....	2
PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES. APROBACIÓN.....	2
B) EXPEDIENTES DE URBANISMO.....	2
PUNTO SEGUNDO. LICENZAS DE OBRAS.....	2
2.1. LICENZA DE OBRA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, PISCINA E EDIFICACIÓN AUXILIAR. LUGAR DE LAPIDO, PARROQUIA DE ORTOÑO (SAN XOAN). AMES. EXPEDIENTE GD 9338/2021.....	2
C) EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.....	5
PUNTO TERCEIRO. CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PREVIA Á ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA REDE SEMAFÓRICA DO CONCELLO DE AMES, TRAMITADO MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO. EXPEDIENTE: 6550/2022.....	5
PUNTO CUARTO. SUSPENSIÓN TEMPORAL DAS OBRAS DE ARRANXO E MELLORA DOS INTERIORES E ACCESO AO INSTRUMENTO (BUGALLIDO/ORTOÑO). PLAN AMES PROGRESA 2021-2023. EXPEDIENTE: 8032/2021.....	7
PUNTO QUINTO. SUSPENSIÓN TEMPORAL DAS OBRAS DE ASFALTADO NAS PUNXEIRAS (ORTOÑO). PLAN AMES PROGRESA 2021-2023. EXPEDIENTE 13940/2021.....	8

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión ordinaria do 05.01.2023

Sendo as dez horas e trinta minutos (10:30 h) do cinco de xaneiro de dous mil vinte e tres (2023), reúnese a Xunta de Goberno local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do **alcalde**, José Blas García Piñeiro, e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde Luisa Feijóo Montero, Víctor Manuel Fernández Prieto, Ana Belén Paz García e Natividad González Rodríguez.

Non asisten pero xustifican a súa ausencia o concelleiro David Santomil Mosquera e a concelleira Genma Otero Uhía.

Asiste a adxunta á Intervención, María Pardo Quintana.

Actúa de **secretaria** a accidental da Corporación, Concepción Vilas Cantelar.

A) APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES

PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES. APROBACIÓN

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular á acta da sesión anterior, **ordinaria do 29.12.2022**, que foi distribuída con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

B) EXPEDIENTES DE URBANISMO

PUNTO SEGUNDO. LICENZAS DE OBRAS

2.1. LICENZA DE OBRA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, PISCINA E EDIFICACIÓN AUXILIAR. LUGAR DE LAPIDO, PARROQUIA DE ORTOÑO (SAN XOAN). AMES. EXPEDIENTE GD 9338/2021

Expediente GestDoc	9338/2021 LICENZA DE OBRA
Expedientes relacionados	2083/20 Licenza de parcelación outorgada na Xunta de Goberno Local do

	12.04.2017 e na do 04.03.2021
Rexistro de entrada	11.08.2021. R.E. Nº 15026/2021
Última achega de documentación	23.11.2022. R.E. Nº 21480/2022
Solicitante/s	*****, NIF *****
Promotor/es	*****, NIF *****
Emprazamento das obras	Lugar de Lapido, Parroquia de Ortoño (San Xoán). Ames.
Parcela	Parcela 692-1 resultante da parcelación outorgada na Xunta de Goberno Local do 04.03.2021. Referencia catastral 0250909NH3404N0001QQ, finca rexistral 14.300 de Ames
Descrición das obras	Construción de vivenda unifamiliar illada de planta baixa e primeira con Garaxe. Incorpora piscina de uso privativo interior pechada e unha edificación auxiliar de 5x3 no linde. Non prevé peche.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (Decreto 1376/2021, BOP Nº 75, do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, **licenza de obra** para a **construción de vivenda unifamiliar illada, piscina e edificación auxiliar**, cuxos datos básicos se fan constar a continuación:

Expediente GestDoc	9338/2021 LICENZA DE OBRA
Expediente/s relacionado/s	2083/2020 Licenza de parcelación XGL 12.04.2017 e 04.03.2021
Rexistro de entrada	R.E. núm. 15026/2021 do 11.08.2021
Última documentación presentada	R.E.núm. 21480/2022 do 23.11.2022
Solicitante/s	*****, NIF *****
Promotor/es	*****, NIF *****
Situación e emprazamento das obras	Lugar de Lapido, Parroquia de Ortoño (San Xoán). Ames
Referencia catastral	0250909NH3404N0001QQ
Finca rexistral	14.300 de Ames
Descrición das obras	Construción de vivenda unifamiliar illada de planta baixa e primeira con Garaxe. Incorpora piscina de uso privativo interior pechada e unha edificación auxiliar de 5x3 no linde. Non prevé peche.
Superficie construída total	300,26 m ² (285,26 m ² vivenda con piscina, e 15 m ² edificación auxiliar)
Orzamento execución material (EM)	190.000,00 euros
Cualificación urbanística do solo polo PXOM	Núcleo rural tradicional
Finalidade da actuación e uso o que se destinara	Uso principal: vivenda unifamiliar. Uso característico residencial: vivenda e usos compatibles deportivo e auxiliar
Altura, volume e ocupación da parcela permitidos	Altura máxima: 7,00 metros. Ocupación máxima: 50%
Técnico autor do proxecto (colexiado)	*****, arquitecto (COAG *****)
Data proxecto	Proxecto básico e de execución visado 21.11.2022

Informes sectoriais	-----
Taxas. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas (BOP núm. 246 de 27/12/2013)	Importe taxa: 356,56 euros Importe ingresado: 563,69 euros Procede devolución do ingresado en exceso: 207,13 euros
Informe técnico municipal favorable	13.12.2022 emitido pola Arquitecta municipal, ***** 12.12.2022 emitido pola asesora xurídica de Urbanismo, *****

Segundo. A eficacia da licenza autorizada quedará supeditada ao cumprimento das seguintes condicións:

1ª. Antes do inicio da obra, deberá acreditarse no Concello a garantía económica esixida no informe da arquitecta municipal para reposición de danos, conexións e demais urbanización complementaria á edificación por importe de 2.800 €.

2ª. Conectará cos servizos existentes no entorno da parcela en cumprimento do establecido ao respecto pola lei do solo vixente; ao municipal de saneamento sen conectar pluviais coas fecais, electricidade e telefonía sen novos tendidos aéreos, soterrando e recuando postes, no seu caso, e acondicionará a ampliación de vía para uso público chegando á cota da calzada preexistente, dispoñendo canle para paso das augas de escorrenta da cuneta. O pavimento contará cunha solución resistente no tempo, que non dificulte o mantemento evitando grava solta ao tránsito de vehículos, coma formigón.

3ª. Non se alterará a rasante natural do terreo nos lindes da parcela que condicionen o peche do lindante.

4ª. A ubicación e ocultación das unidades exteriores de instalacións para cumprimento da % de auga quente sanitaria establecida no DB-HE renovable, garantirán a súa integración ambiental e acústica.

5ª. A altura no linde para construcións auxiliares terá un máximo de 2 metros de alto, que poderá chegar a 3 de existir mutuo acordo entre lindantes, polo que terá que rebaixar o terreo ou aportar o acordo.

6ª. Se a dirección da obra deixa de actuar nela poñerá en coñecemento do concello. A propiedade está obrigada a nomear e comunicar por escrito ao Concello nova dirección de obra.

7ª. Disporase, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto.

8ª. Na execución da obra adoptarán tódalas medidas de seguridade e saúde establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública. Non poden amorear escombros e provisións de materiais na vía pública. O entullo levarase a vertedoiro autorizado.

9ª. Ao remate das obras a propiedade porá en coñecemento do Concello co certificado final de obra visado e asinado pola dirección de obra.

10ª. Colocarase o cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior.

11ª. Non poderá ocuparse a edificación nin obterase alta nos servizos municipais sen a previa obtención de licenza de primeira ocupación (art. 351.1 g. do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, RLSG)

12ª. Os condutores de camiões e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de barro antes de acceder a vía pública, así como que a citada vía quede limpa.

13ª. Instarase no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concede a presente licenza de obra (expediente GD 9338/2021)

Terceiro. A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de (6) seis meses e o de terminación de (3) tres anos dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a (6) seis meses.

Cuarto. Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras,

que ascende á cantidade de 4.750,00 euros, de acordo co seguinte detalle:

- Orzamento de execución material (EM) segundo o proxecto: 190.000,00 euros
- Liquidación provisoria ICIO (Imposto sobre construcións, instalacións e obras) 2,5%: 4.750,00 euros

Quinto. Notificar aos interesados este acordo, así como o réxime de recursos que procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao tratarse dun acto que pon fin a vía administrativa.

Sexto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Urbanismo e Tesouraría aos efectos oportunos.

Sétimo. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

C) EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

PUNTO TERCEIRO. CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PREVIA Á ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO DA REDE SEMAFÓRICA DO CONCELLO DE AMES, TRAMITADO MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO. EXPEDIENTE: 6550/2022

A mesa de contratación, constituída no procedemento aberto do contrato de servizos para p Mantemento da Rede Semafórica do Concello de Ames, en sesión celebrada o 29 de decembro de 2022, formulou proposta de clasificación por orden decrecente de puntuación das empresas admitidas a licitación, de acordo todo elo co previsto no artigo 83 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos do sector público.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación de Alcaldía (decreto 1376/2021), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Clasificar por orden decrecente de puntuación para o desenvolvemento do Servizo de Mantemento da Rede Semafórica, resultando clasificado en primeiro lugar a empresa **KAPSCH TRAFFICCOM CONSULTORIA TÉCNICA SAU**, NIF A-78107349 coa seguinte proposta:

Importe prestación do servizo (duración inicial 2 anos)	IVE 21%	TOTAL
72.549,60 €	15.235,42 €	87.785,02 €
% de baixa sobre precios unitarios		12%

Segundo.- Duración do contrato

O contrato terá unha duración de **DOUS ANOS**, podendo prorrogarse anualmente ata un máximo de **CATRO ANOS** (incluído período inicial e prórrogas), cumprindo así co establecido no artigo 29 da LCSP.

As prórrogas son obrigatorias para o contratista.

Non obstante, cando ao vencemento dun contrato non se formalizou o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de

incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación, e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato.

Terceiro.- Inicio da prestación

O contrato iniciase ao día seguinte da súa formalización en documento administrativo.

Cuarto.- Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

No prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo, a empresa adxudicataria deberá presentar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público a seguinte documentación, imprescindible para proceder a adxudicación.

0º. Índice de documentos

1º. Documentos que acrediten a personalidade do empresario e o seu ámbito de actividade.

Dado que a empresa figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público está **exenta** de acreditar este punto.

2º. Documentos que acrediten, no seu caso, a representación.

Dado que a empresa se atopa inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público está **exenta** de acreditar este punto.

3º. Declaración xurada

Queda **exenta** da súa acreditación ao aportarse conxuntamente coa documentación do Sobre A

4º. Solvencia económica y financeira, y técnica ou profesional.

A empresa atópase clasificada no Grupo P, Subgrupo 1, Categoría 5, polo que está **exenta** de acreditar este aspecto

5º. Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto sobre Actividades Económicas:

Exento de acreditar, ao figurar no certificado de Rexistro de licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia

6º. Documentos acreditativos da efectiva disposición dos medios segundo o Anexo VI Compromiso de Adscrición de Medios.

A empresa atópase clasificada no Grupo P, Subgrupo 1, Categoría 5, polo que está **exenta** de acreditar este aspecto.

7º. Constitución da garantía definitiva

Deberase constituír garantía definitiva, segundo os lotes dos que resulte adxudicatario, polos seguintes importes:

Importe adxudicación contrato	Importe Garantía definitiva (5%)
72.549,60 €	3.627,48 €

A constitución da garantía definitiva poderá facerse mediante Aval Bancario ou en efectivo mediante transferencia bancaria efectuada ao seguinte número de conta bancaria de titularidade municipal: ES**/****/****/****/****/****.

Si formulase garantía definitiva a través de Aval Bancario, poderá presentar a través da Plataforma de Contratación del Sector Público, conxuntamente co resto da documentación requirida unha copia de dito aval, debendo entregar o aval orixinal no Rexistro Xeral Municipal dentro do prazo (7 días) para presentar aa documentación.

Á hora de achegar o Aval Bancario orixinal no Rexistro Xeral do Concello deberá solicitar cita previa, chamando ao telefono 981.88.30.02

PUNTO CUARTO. SUSPENSIÓN TEMPORAL DAS OBRAS DE ARRANXO E MELLORA DOS INTERIORES E ACCESO AO INSTRUMENTO (BUGALLIDO/ORTOÑO). PLAN AMES PROGRESA 2021-2023. EXPEDIENTE: 8032/2021

A Xunta de Goberno Local do 09.06.2022 aprobou o expediente de licitación das **obras de arranxo e mellora dos interiores e acceso ao Instrumento (Bugallido/Ortoño)**, do Plan Ames Progresa 2021-2023.

Tramitada a licitación, a Xunta de Goberno Local, con data do 22.09.2022, adxudicou o referido contrato á empresa **EXCAVACIONES POSE, S.L**, con CIF B15626922. Con data 29.09.2022, asinouse o contrato entre o Concello de Ames e a empresa EXCAVACIONES POSE, S.L.

No contrato asinado entre as partes especificábase que obra sería executada no prazo máximo de **3 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do reformulo, salvo que existira reserva fundada que impedira o seu comezo.

O día 26.10.2022 procédese á formalización da acta de comprobación do reformulo. Dado que o prazo de execución das obras é de 3 meses, as obras debían de finalizar o 26.01.2023.

Con data do 19.12.2022 (R.E. 23017/2022), a empresa adxudicataria solicita a suspensión temporal do prazo de execución das obras debido aos seguintes motivos:

"[...] Debido a que las condiciones meteorológicas adversas imposibilitan y han imposibilitado una buena ejecución de los trabajos y perjudicarían además de la calidad de las obras, el uso de dichos viales interiores en la fase en la que se encuentran las mismas.[...]"

Figura no expediente informe favorable á suspensión solicitada do director da obra, ***** , de data 22.12.2022.

Figura no expediente informe favorable da técnica de contratación do Plan Ames Progresa (informe do 29.12.2022)

Figura no expediente informe proposta favorable da Secretaría xeral (do 03.01.2023) e informe de fiscalización tamén favorable á suspensión, da Intervención municipal (informe A2/2023 do 03.01.2023).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto 1376/2021, BOP nº 75, do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Autorizar expresamente a suspensión do prazo de execución do contrato das obras de arranxo e mellora dos interiores e acceso ao Instrumento (Bugallido/Ortoño), do Plan Ames Progresa 2021-2023. A nova data de inicio da obra, en base ao informe emitido polo director da obra, establécese a partir do 16.01.2023, e a data de finalización o 26.02.2023.

Segundo. Solicitar ao contratista que achegue o novo programa de traballo que deberá ser aprobado polo alcalde do Concello, tal e como indican os pregos de licitación (cláusula 18.2).

Terceiro. Notificar aos interesados e dar traslado aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Cuarto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO QUINTO. SUSPENSIÓN TEMPORAL DAS OBRAS DE ASFALTADO NAS PUNXEIRAS (ORTOÑO). PLAN AMES PROGRESA 2021-2023. EXPEDIENTE 13940/2021

A Xunta de Goberno Local do 16.06.2022 aprobou o expediente de licitación das **Obras de asfaltado nas Punxeiras (Ortoño) do Plan Ames Progresas 2021-2023.**

Tramitada a licitación, a Xunta de Goberno Local, con data do 22.09.2022, adxudicou o referido contrato á empresa **EXCAVACIONES POSE, S.L.**, con CIF B15626922. Con data 29.09.2022, asinouse o contrato entre o Concello de Ames e a empresa EXCAVACIONES POSE, S.L.

No contrato asinado entre as partes especificábase que obra sería executada no prazo máximo de **4 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do reformulo, salvo que existira reserva fundada que impedira o seu comezo.

O día 26.10.2022 procédese á formalización da acta de comprobación do reformulo. Dado que o prazo de execución das obras é de 4 meses, as obras debían de finalizar o 26.02.2023.

Con data do 16.12.2022 (R.E. 22890/2022), a empresa adxudicataria solicita a suspensión temporal do prazo de execución das obras debido aos seguintes motivos:

"[...] Debido a que las condiciones meteorológicas adversas imposibilitan y han imposibilitado una buena ejecución de los trabajos y perjudicarían además de la calidad de las obras, el uso de dichos viales interiores en la fase en la que se encuentran las mismas.[...]"

Figura no expediente informe do director da obra, *****, de data 28.12.2022, favorable á suspensión solicitada.

Figura no expediente informe favorable da técnica de contratación do Plan Ames Progresas (informe do 30.12.2022).

Figura no expediente informe proposta favorable da Secretaría xeral (do 03.01.2023) e informe de fiscalización tamén favorable á suspensión, da Intervención municipal (informe A1/2023 do 03.01.2023).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto 1376/2021, BOP nº 75, do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar a suspensión do prazo de execución do contrato das obras de asfaltado nas Punxeiras (Ortoño), do Plan Ames Progresas 2021-2023. A nova data de inicio da obra, en base ao informe emitido polo director da obra, establécese a partir do 16.01.2023, e a data de finalización o 26.03.2023.

Segundo. Solicitar ao contratista que achegue o novo programa de traballo que deberá ser aprobado polo alcalde do Concello, tal e como indican os pregos de licitación (cláusula 18.2).

Terceiro. Notificar aos interesados e dar traslado aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Cuarto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás once horas (11:00) estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde

A secretaria accidental

José Blas García Piñeiro

Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
16/01/2023 C8BA465C3A40482C99AD59CC12038BF57D0E6348

POSTO DE TRABALLO:
Selo de Organo

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2FE43C6ADF098E1428E

NOME:
Concello de Ames